

# Contos que sorprenden e emocionan



Esta maleta reúne unha selección de álbums ilustrados, recursos manipulativos e pequenos elementos escénicos pensados para apoiar a narración oral e favorecer experiencias de lectura compartida que sorprendan, emocionen e esperten a imaxinación do alumnado.

## Que contén esta maleta?

### Selección de contos



### Recursos para acompañar a narración

- **Capa:** transforma o momento de contar nun pequeno ritual narrativo. Pode empregarse tamén como artiluxio con superpoderes, permitindo que grandes e pequenos se convertan en contadores de historias.
- **Variña máxica:** para introducir momentos de sorpresa, participación ou cambios na historia.
- **Lucy:** araña que actúa como elemento mediador narrativo.

### Recursos para a creación de historias

- **Pedras e Dados de historias:** permiten inventar relatos, ordenar secuencias e xogar coa improvisación.
- **Xogo "Porquelandia":** propostas que invitan a imaxinar explicacións, elaborar hipóteses e crear historias.
- **Cartas: "El arte de contar cuentos":** axuda a identificar os elementos clave dun relato e comprender como se constrúen os contos.
- **Tableiro imantado de creación de historias:** personaxes e escenario imantados para inventar aventuras e crear contos de forma visual e manipulativa.

**Esta maleta é unha invitación a contar, imaxinar e crear.  
Agora tócache a ti poñer a voz, o xesto e a emoción para que as  
historias cobren vida.**



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO DE FORMACIÓN  
E RECURSOS  
DE OURENSE



Xacobeo  
2027